



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación

IDIOMAS APLICADOS AO CANTO

CURSO 2018-2019

Índice

1.	Introdución	3
2.	Metodoloxía	4
3.	Atención á diversidade	5
4.	Temas transversais	6
4.1	Educación en valores	6
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	6
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	7
6.	Secuenciación do curso	8
6.1	Curso: 1º	8
6.2	Curso: 2º	13
6.3	Curso: 3º	18
6.4	Curso: 4º	24
6.5	Curso: 5º	29
6.6	Curso: 6º	35
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	41
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	41
9.	ANEXOS	43
9.1	Probas de acceso 1º de grao profesional	43
9.2	Probas de acceso a outros cursos	
9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao	

1. Introducción

O canto é a única disciplina musical que está indisolublemente ligada a outras disciplinas artísticas a través dun dos medios primordiais de comunicación e expresión: a palabra.

O texto está na orixe mesma de toda música cantada, ata o punto de que os comezos da literatura musical deben ir procurarse nos primeiros testemuños que se conservan de cerimoniais relixiosas e de lírica popular, que se compuxeron para seren cantadas.

O patrimonio vocal acumulado a partir de tan remotas orixes é dunha incalculable riqueza, que se pode cuantificar partindo do dato de que a música puramente instrumental -cuxo protagonismo se incrementou ao longo dos séculos-ten a súa orixe mesmo na tradición vocal, na necesidade, tan antiga como a música mesma, de acompañar o canto monódico, individual ou plural, e, máis tardiamente, no uso de duplicar as voces no canto polifónico, do que acabará independizándose, dando lugar así a novas e importantísimas formas de arte sonora.

Posto que texto e música están indisolublemente unidos desde a súa orixe na música cantada, a especialidade de canto debe incluír unha materia destinada á aprendizaxe dos principais idiomas que son de uso corrente na música vocal, como o italiano, o alemán, o francés, o inglés, o latín, etc., ademais das linguas oficiais do Estado.

Antes de transmitir unha mensaxe é preciso comprendela para, a seguir, achegala de xeito intelixible ao suxeito receptor, que neste caso é o oínte, o público en xeral.

Xa que logo, temos dunha parte a necesidade ineludible de entender un texto para o poder comunicar con pleno sentido, e doutra parte a obriga non menos perentoria de «dicir» ese texto de xeito correcto en canto á súa articulación, pronuncia e acentuación.

A este respecto cómpre sinalar a importancia que algúns fonemas posúen, no relativo á súa específica sonoridade, para provocar certos efectos musicais: a pura sonoridade de certos fonemas pode influír decisivamente na expresión.

Como complemento aos obxectivos puramente prácticos da materia, serán moi convenientes todos os coñecementos adicionais que se poidan adquirir en relación ao idioma e á cultura da cal procede, tales como literatura, arte, etc.

Non son coñecementos superfluos, senón que poden ser unha axuda valiosísima á hora de enriquecer unha interpretación.

A aprendizaxe dun idioma aplicado ao canto é algo que debe ir á par dos estudos vocais, afondando sempre de igual xeito en ambas as direccións: o coñecemento do idioma debe acompañar sempre o progresivo dominio da técnica vocal.

2. Metodoloxía

A metodoloxía que se vai a aplicar na aula desenrolarase de acordo aos seguintes principios xerais:

- ⦿Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos dos alumn@s)
- ⦿Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,...)
- ⦿Adaptación á diversidade do alumn@ (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptándonos ás características particulares de cada alumn@)
- ⦿Interdisciplinaria (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contidos propios con outras materias do Currículum, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc)
- ⦿Avaliación continuada e constante (da Programación Didáctica, da cada alumn@ de xeito personalizado, do proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente, ...)

3. Atención á diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- 1) Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- 2) Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno
- 3) Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contados da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contados con exixencias distintas
- 4) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe
- 5) Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.
- 6) A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula . Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será *útil no* desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recopilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Audicións:

Farase unha audición por trimestre. Participarase nas semanas musicais organizadas polo centro. Participación na semana das Letras Galegas. Concerto en conmemoración do Día da Muller Traballadora. Posta en escena de fragmentos u obras de ópera e/ou zarzuela.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

-O longo do curso farase o posible por realizar algún intercambio con outro centro.

-Igualmente farase o posible para realizar algún curso dalgunha materia relacionada coa especialidade de Canto (técnica vocal, escena, idiomas, etc.).

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer en profundidade a fonética do idioma italiano.
- Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, cunha correcta articulación, dicción e sentido expresivo.
- Comprender e emitir correctamente mensaxes orais ou escritos en italiano.

6.1.2 Contidos

- Fonética e fonoloxía italiana. Transcripción segundo o IPA (Alfabeto Fonético Internacional).
- Adestramento das destrezas fonéticas:
 - articulación
 - emisión correcta
 - recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas
 - pronuncia correcta
 - aplicación da fonética cantada
 - coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico
- Aplicación da fonética italiana ós textos musicais do repertorio individualizado, e tradución libre.
- Comprensión e produción de mensaxes orais e escritos en italiano.
- Estudio da historia da música vocal en italiano, incluíndo audicións e versións comparadas.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Emitir correctamente breves contados orais na lingua estudada.

Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.

Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.

Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas.

Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE:

1. Demostrar o coñecemento das regras fonéticas e fonolóxicas da lingua italiana.
2. Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros en italiano.
3. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2ºTRIMESTRE

4. Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais na lingua italiana.
5. Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
6. Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
7. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

8. Mostrar o dominio na lectura dun texto literario musical en italiano de xeito autónomo.
9. Ser capaz de comprender e reproducir mensaxes orais e escritos en italiano.
10. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso.
- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación. Os/as alumnos/as que superen 4 faltas sin xustificar perderán o dereito á avaliación continúa. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.
- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

Criterios de cualificación

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

A) Contidos específicos:

- *Transcripción Fonética*
- *Dictado*
- *Lectura y Traducción libre*
- *Presentación dos traballos escritos trimestrais*
- *Historia da Música Vocal*

B) Valoración das actividades:

- *Articulación e Dicción expresiva no Canto (Audicións, Concertos,...)*

C) Actitude:

- *Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.*

(* O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.)

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos do curso: (60%)

B) Valoración das actividades (20%): Audicións, concertos, etc.

C) Actitude(20%).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en xaneiro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O examen dos alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente na lectura e tradución libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Asimismo, deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios escritos cos contidos correspondentes ó trimestre ou trimestres que perderon.

Probas extraordinarias de setembro

O exame para os alumnos que non superaron o curso en xuño consistirá na lectura e traducción dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

6.1.5 Recursos didácticos

- Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos dos alumn@s)
- Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,...)
- Adaptación á diversidade do alumn@ (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptándonos ás características particulares de cada alumn@)
- Interdisciplinaria (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contidos propios con outras materias do Currículum, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc)

6.2 Curso: 2º

6.2.1 Obxectivos

- Coñecer en profundidade a fonética do idioma italiano.
- Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, cunha correcta articulación, dicción e sentido expresivo.
- Comprender e emitir correctamente mensaxes orais ou escritos en italiano.
- Utilizar a lectura de textos para familiarizarse cos rexistros lingüísticos da lingua cotiá e da lingua literaria.
- Valorar a importancia da lingua dentro dun texto cantado.
- Apreciar a riqueza que suponen as culturas e as súas linguaxes, concibidas, estas últimas, como outras tantas formas de codificar a experiencia e de facer posibles as relacións interpersoais.

6.2.2 Contidos

- Fonética e fonoloxía italiana. Transcripción segundo o IPA (Alfabeto Fonético Internacional).
- Adestramento das destrezas fonéticas:
articulación

emisión correcta

recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas

pronuncia correcta

aplicación da fonética cantada

coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico

- Aplicación da fonética italiana ós textos musicais do repertorio individualizado, e tradución libre.
 - Comprensión e produción de mensaxes orais e escritos en italiano.
 - Lectura fluida e expresiva.
 - Declamación e memorización dos textos musicais do repertorio individualizado.
 - Transcrición e análise fonético e fonolóxico de textos de obras musicais, poéticas e literarias.
-
- Estudio da historia da música vocal en italiano, incluíndo audicións e versións comparadas.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Emitir correctamente breves contados orais na lingua estudada.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.
- Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE:

1. Dominar as regras fonéticas e fonolóxicas da lingua italiana.
2. Ser capaz de ler de xeito fluído e expresivo diversos textos da literatura musical en italiano.
3. Entregar a transcrición fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2ºTRIMESTRE

4. Mostrar dominio na declamación expresiva e de memoria dos textos musicais do repertorio do alumno.
5. Ser capaz de transcribir e analizar fonética e fonolóxicamente diversos textos da literatura musical en italiano.
6. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2o trimestre.

3º TRIMESTRE:

7. Coñecer e saber analizar a evolución no tratamento dos textos ao longo da historia da música vocal en italiano.
8. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso.
- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación. Os/as alumnos/as que superen 4 faltas sin xustificar perderán o dereito á avaliación continúa. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.
- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

Criterios de cualificación

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

A) Contidos específicos:

- *Transcripción Fonética*
- *Dictado*

- *Lectura y Traducción libre*
- *Presentación dos traballos escritos trimestrais*
- *Historia da Música Vocal*

B) Valoración das actividades:

Articulación e Dicción expresiva no Canto (Audicións, Concertos,...)

C) Actitude:

-Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

(* O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.)

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos do curso: (60%)

B) Valoración das actividades (20%): Audicións, concertos, etc.

C) Actitude(20%).

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en xaneiro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O examen dos alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente na lectura e tradución libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Probas extraordinarias de setembro

O exame para os alumnos que non superaron o curso en xuño consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

6.2.5 Recursos didácticos

- Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos dos alumn@s)
- Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,...)
- Adaptación á diversidade do alumn@ (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptándonos ás características particulares de cada alumn@)
- Interdisciplinabilidade (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contidos propios con outras materias do Currículum, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc)

6.3 Curso: 3º

6.3.1 Obxectivos

- Coñecer en profundidade a fonética do idioma alemán e do italiano.
- Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, cunha correcta articulación, dicción e sentido expresivo.
- Comprender e emitir correctamente mensaxes orais ou escritos en alemán e italiano.

6.3.2 Contidos

- Fonética e fonoloxía xermana. Transcripción segundo o IPA (Alfabeto Fonético Internacional). Fonética do italiano.
- Adestramento das destrezas fonéticas:
 - articulación
 - emisión correcta
 - recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas
 - pronuncia correcta
 - aplicación da fonética cantada
 - coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico
- Aplicación da fonética xermana e italiana aos textos musicais do repertorio individualizado, e traducción libre.
- Comprensión e produción de mensaxes orais e escritos en alemán.
- Estudo da historia da música vocal en alemán, incluíndo audicións e versións comparadas.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Emitir correctamente breves contados orais na lingua estudada.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.
- Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.

Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE:

1. Dominar as regras fonéticas e fonolóxicas da lingua xermana e italiana.
2. Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros en alemán e en italiano.

3. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2º TRIMESTRE

4. Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais na lingua xermana e italiana.
5. Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
6. Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
7. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

8. Mostar o dominio na lectura dun texto literario musical en alemán de xeito autónomo, así como en italiano.
9. Ser capaz de comprender e reproducir mensaxes orais e escritos en alemán e en italiano.
10. Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso.
- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación. Os/as alumnos/as que superen 4 faltas sin xustificar perderán o dereito á avaliación continúa. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.
- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

Criterios de cualificación

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

A) Contidos específicos:

- *Transcripción Fonética*
- *Dictado*
- *Lectura y Traducción libre*
- *Presentación dos traballos escritos trimestrais*
- *Historia da Música Vocal*

B) Valoración das actividades:

Articulación e Dicción expresiva no Canto (Audicións, Concertos,...)

C) Actitude:

-Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

(* O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.)

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos do curso: (60%)

B) Valoración das actividades (20%): Audicións, concertos, etc.

C) Actitude(20%).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en xaneiro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O examen dos alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente na lectura e tradución libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Probas extraordinarias de setembro

O exame para os alumnos que non superaron o curso en xuño consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

